



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 73

IV lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria

11 de outubro de 1995

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

ORDE DO DÍA

Punto único.- (Continuación):

Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución (doc. núm. 7.318).

SUMARIO

Reiníciase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución. (Punto único) (continuación).

Defensa das propostas de resolución: Sr. Beiras Torrado (BNG) (páx. 4795), Sr. Cortizo Nieto (S) (páx. 4802) e Sr. González Suárez (P) (páx. 4807).

Suspéndese a sesión ás seis e tres minutos da tarde e reiníciase ás sete e cuarenta minutos da tarde.

Rolda de grupos para fixar posicións respecto das propostas de resolución dos demais: Sr. Beiras Torrado (BNG) (páx. 4809), Sr. Cortizo Nieto (S) (páx. 4811) e Sr. González Suárez (P) (páx. 4813).

O Sr. Beiras Torrado (BNG) intervéñ para aclaracións (páx. 4814).

O Sr. Ventoso Mariño (S) e o Sr. González Suárez (P) interveñen para unha cuestión de orde (páx. 4815).

Votación das propostas de resolución núms. 50, 52, 69.1 e 82 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 13 votos a favor, 57 en contra e ningunha abstención (páx. 4815).*

Votación das propostas de resolución núms. 19, 20, 38, 60, 70, 98 e 100 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 13 votos a favor, 42 en contra e 14 abstencións (páx. 4815).*

Votación das propostas de resolución núms. 2 e 74 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobadas por 69 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención (páx. 4816).*

Votación das propostas de resolución núms. 1 a 100 (agás as votadas, a 56 retirada e a 71 duplicada): *rexeitadas por 29 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención (páx. 4816).*

O Sr. Beiras Torrado (BNG) intervéñ para unha cuestión de orde (páx. 4816).

Votación das propostas de resolución núms. 2.3, 3.1 e 4.1 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 16 votos a favor, 41 en contra e 13 abstencións (páx. 4816)*

Votación do resto das propostas do G.P. dos Socialistas de Galicia (coas modificacións introducidas nas propostas núms. 2.1, 2.2 e 3.3): *rexeitadas por 29 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención (páx. 4816).*

Votación das propostas de resolución núms. 1 a 24 do G.P. Popular de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención (páx. 4816).*

Levántase a sesión ás oito e vinte minutos da tarde.

Reiníciase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

Presiden o presidente do Parlamento, acompañada do vicepresidente primeiro, do secretario e do vicesecretario da Mesa, que é asistida polo oficial maior e a letrada señora Rodríguez Carro.

Ocupa o banco do Goberno o presidente da Xunta de Galicia, acompañado de tódolos conselleiros excepto do de Industria e Comercio.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL: INFORME DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN (Continuación).

O señor PRESIDENTE: Reiníciase a sesión. Na mañá do día de hoxe, a Mesa do Parlamento procedeu a cualifica-las propostas de resolución presentadas polos grupos; grupos que son coñecedores das propostas presentadas polos outros grupos.

Conforme a regulación feita do debate, corresponde abrir agora unha rolda para a presentación e a defensa global das propostas de cada grupo.

Ten a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario do BNG.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías, saúdo cordialmente a tódolos presentes e congratúlome de que o señor presidente da Xunta, o señor Fraga, en función das matinacións de onte e para compensar aquilo que eu dixera de que estaba aí na estrema da dereita, que en galego na estrema da dereita non é o mesmo cá extrema dereita, hoxe loce unha fermosa garabata marxista-leninista. ¡Vaia, sorriuse!, e iso que eu nunca tiver vocación de bufón, nin sequera daquel do clásico das letras galegas: o bufón de El-Rei.

En primeiro lugar, se me permiten as súas señorías e a Presidencia desta Cámara, eu quixera, en nome do Grupo Parlamentario do BNG, facer mención hoxe, ó comezo desta sesión, dunha persoa que acaba de finar. Refírome ó pasamento de don Xosé Trapero Pardo, vello petrucio -vello, que non senil- da cultura galega, e singularmente da lucense, escritor, e un dos homes que ó longo da súa vida máis traballou, se cadra, día a

día, mesmamente pola recuperación, o mantemento e a conservación do patrimonio histórico-artístico deste país e, fundamentalmente, do patrimonio incluso histórico-arqueolóxico.

Dito isto, e feita esta lembranza-homenaxe debida, eu quixera expor non os contidos de todas e cada unha, naturalmente, das iniciativas en forma de propostas de resolución elaboradas e presentadas no Rexistro da Cámara esta mañá polo Grupo Parlamentario do BNG, pois son exactamente un cento delas, senón tratar de facer unha exposición sistematizada, por contidos temáticos, agrupadas polo tanto con ese criterio e, ó sumo, tomando como referencia concreta ou facendo referencia específica, sigularizada, a aquelas que poidan resultar máis significativas, máis representativas ou de meirande relevancia polos seus contidos.

Facémolo coa intención non tanto de que a Cámara asuma a totalidade desas iniciativas, pois sería absurdo que nós, que criticámo-las pretensións de que toda a cidadanía vexa a realidade a través do prisma dunha singular e única forza política, dun partido único, pretendesemos que a Cámara apoiase todas e cada unha das iniciativas que, en definitiva, reflicten a visión que ten o BNG dos problemas, das distintas ordes e segmentos de problemas do país, e que, por outra banda, á súa vez, recollen a visión que ten a específica ou xenuína base social e electoral do propio BNG que, como se sabe, é cada vez máis diversa, ademais de máis ampla, pero que, en calquera caso, é a base de cidadanía que opta ou se sente, en maior ou menor medida, con maior ou menor grao de compromiso, identificada ou empatizando ou sintonizando cos criterios ideolóxico-políticos do Bloque, senón de dar a coñecer estas propostas que si constitúen unha especie de mostra programática, unha especie de mostra no sentido estatístico da palabra, do que sería o repertorio de liñas programáticas de actuación do BNG na hipótese de que tivese que responsabilizarse do Goberno neste país e neste momento, claro.

Sabemos que non só a realidade senón a dialéctica entre as propias forzas políticas e a realidade, forzosamente, coma tal dialéctica que é, significa unha dinámica que se metamorfosea en certas medidas, dentro de certos lindes, ó longo dos procesos do tempo e, polo tanto, dos procesos históricos e mesmo tamén das

conxunturas, por iso falo de hoxe. Esa agrupación temática pode expoñela en sete apartados que teñen unha dimensión, cada un deles e, mesmo, un peso relativo e unha importancia, máis ou menos análoga, respectando a súa diversidade e polo tanto a súa caracterioloxía e polo tanto as diferencias enormemente grandes, cualitativas, no tipo de problemática a que se refiren, aínda que non teñan o mesmo peso relativo numérico dentro do repertorio de iniciativas, de propostas de resolución, que presentamos. E estes temas, estas agrupacións temáticas, serían as seguintes: Primeiro, aquelas que se refiren ós problemas derivados da integración de Galicia na Unión Europea, integración vehiculizada a través da integración ou do Tratado de adhesión do Estado español, dado que este país non ten potestades políticas para facelo directamente.

O segundo serían as cuestións relativas á defensa dos sectores productivos, e non só á defensa no sentido numantino nin no sentido do *catenaccio* ¡vaia, estou empregando termos futbolísticos!, senón tamén da contaminación ambiental, de estar a defensiva, senón defensa como promoción e propulsión, polo tanto, de todo aquilo que significa... Que así como se di que a mellor defensa é o ataque, ás veces tamén o mellor ataque é unha defensa adecuada na situación actual. Dedicollo ó meu querido compañeiro Quique Tello, *que me estará escuchando*. ¡Atención, Cayo Largo!, como dicía o locutor da radio en Santiago hai moito tempo, no programa de discos dedicados. En realidade, era Callobre, pero non imaxinaba que existise Callobre e entendeu que debía ser Cayo Largo. Fenómeno de colonización mental moi propio de hai trinta e tantos anos; non sei se agora segue ou non. Defensa, polo tanto, e promoción dos sectores productivos.

Terceiro, é a temática relativa a finanzas públicas galegas, polo tanto ó financiamento público, é dicir, ó financiamento da Comunidade Autónoma como tal e, polo tanto, ó financiamento dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

O cuarto trata de comunicacións e infraestruturas.

O quinto refírese a servizos públicos e sociais, abrangendo, polo tanto, desde a educación á sanida-

de e ó que son máis en sentido restrictivo os denominados servizos sociais propiamente tales, aínda que é ben sabido que o BNG defende que tódolos servizos públicos teñen un contido social e, polo tanto, son servizos sociais, dende os chamados como tales ata os que non adoitan denominarse dese xeito, polo menos dunha maneira xenérica e sistemática, como a educación, e mesmo ás veces que nin sequera se sostén que sexan públicos, como acontece na actualidade co sistema de ensino, polo menos na práctica da política desenvolvida ata agora polo actual Goberno da Xunta de Galicia.

O sexto agrupa iniciativas relativas á cultura, ó patrimonio cultural tamén, no sentido amplo e lato, á lingua, ó idioma, á política lingüística ou á política relativa ó idioma e, sobre todo, á política ou ás medidas de política que se relacionan directamente co uso social do idioma dos distintos ámbitos, planos, e compartimentos da sociedade.

E, finalmente, algunhas iniciativas relativas a información especialmente, ás regras de xogo da información. Quero dicir especialmente nos medios públicos e autonómicos da información, non é pretensión do BNG dicirlle ós medios de comunicación privados o que teñen que facer, por suposto, ¡só faltaría!, mesmamente é prevención do BNG que non se lles dicte o que teñen que escribir ou o que teñen que dicir pola radio, pero iso con respecta-las normas constitucionais, estatutarias e legais, democráticas, debería abondar e incluso unha referida ó propio Parlamento, precisamente no plan de información. E como o tempo vaise, *tempus fugit*, iso é o que está posto, polo visto, nun rótulo á entrada do inferno, vou da-lo paso de entrar no inferno para explicárlle-lo que realmente son os contidos, xa máis en concreto.

Da cuestión da integración de Galicia na Unión Europea está claro que despois do que eu, como portavoz do BNG, dixen onte, do que leva dito o BNG e de cal foi a práctica política do BNG, tanto no seu traballo político en sociedade cando se trata de que os sectores sociais e económicos que están agredidos teñan que reaccionar adecuadamente e necesiten apoio político, canto neste propio Parlamento, é evidente que nós queremos que a Xunta actúe en consecuencia e, entón, hai, por unha banda, unha iniciativa, a 82, que trata de solicita-la revisión das condicións de ad-

hesión relativas á cuestión pesqueira, independentemente do que se derive da política pesqueira comunitaria, porque é un sector que está pasando neste momento unha fase, unha nova peripecia dentro de todo o proceso de sistemática agresión, pero hai outras dúas que apuntan por outro lado. Por unha banda: “A Xunta de Galicia estará presente en tódalas conversas que se establezan para a negociación do Estado ou da Unión Europea con terceiros países, ou na propia Unión Europea para a realización de convenios ou acordos pesqueiros”. Ou en cuestións de caladoiros, porque tamén a Comunidade Económica ten caladoiros que regula ela mesma. Por outra banda, hai algo que pode ser máis novidoso para vostedes, como é que “A Xunta de Galicia establecerá convenios de colaboración con terceiros países” -a Xunta, como Goberno galego, directamente con terceiros países-, “así como acordos pesqueiros, ben directamente ou a través da creación de organismos controlados por ela, que permiten este tipo de negociacións e colaboración”.

Esta é unha fórmula que non estou en condicións -por tempo- de desenvolver e explicar como se vehiculizaría, pero que as súas señorías que, á fin e ó cabo, traballan na política coma nós e están ó tanto, entenden perfectamente. Decátanse do que significa abrir unhas posibilidades que mesmo permitan eludir determinadas limitacións de carácter político institucional: sexa constitucional ou sexan normas da Comunidade Europea.

Outra proposta para que se opoña a Xunta rotundamente “á redución da flota pesqueira que faena en Marrocos”, en solidariedade cos mariñeiros e os armadores do sector. E complementariamente a esta: “O Parlamento insta á Xunta de Galicia a implementar con carácter retroactivo” -enténdase ben- “as axudas ó sector pesqueiro (mariñeiros e armadores) afectado polo acordo con Marrocos”.

Pero a máis importante pola súa globalidade é esta que paso a ler textualmente e que di: “A Xunta de Galicia elaborará de inmediato un Plano de revisión das condicións de integración do Estado español na Unión Europea que atinxen a Galicia nos sectores pesqueiro, agro-gandeiro e industrial, singularmente dentro deste a construción naval e a industria conserveira, incluíndo, no seu caso, o establecemento de cláu-

sulas de excepcionalidade” -Alemaña tívoas, y no es de los pobres de la tierra- “para a defensa dos sectores de base da exportación e ramos que constitúen especializacións productivas primordiais da economía galega, para facer efectivas as vantaxes comparativas do noso país no entramado económico internacional” -porque é moi importante que se teña en consideración que moitas veces o que ocorre é que anulan as vantaxes comparativas que temos nós e, mesmamente, iso é actuar contrariamente ós principios liberais, xa non digo ós neoliberais, ós principios ricardianos, ¿estamos?-, “e reclamará do Estado español a esixencia da asunción dese Plano pola Comisión e o Consello da Unión Europea durante o actual período da Presidencia española da mesma”. É dicir, que se molle a Presidencia da Unión Europea que neste momento ostenta o Estado español ou, se prefiren singularizar, o presidente do Goberno do Estado español.

En segundo lugar, falaba da defensa de sectores productivos. Aínda que tamén algunhas destas incidían niso indirectamente, eu quero sinalar que a defensa dos sectores productivos, por unha banda, pasa por unha iniciativa para a elaboración dun plan específico para a promoción de emprego en Galicia, creando un Plano de prioridades industriais que axuda a planificalo marco adecuado para que no próximo quinquenio fiquen corrixida a elevada taxa de desemprego existente na actualidade, rebaixándoa á mínima cota posible. Non pretendemos milagres, simplemente pretendemos unha tendencia cara aí, implementada institucionalmente.

Logo hai unha cuestión que tamén tratamos onte e que quero que quede claro que tamén a propoñemos, que a Xunta poña en marcha “as iniciativas necesarias para que as tarifas de enerxía en Galicia, en tódolos usos, e en especial nos industriais, teñan un diferencial que faga que a subministración sexa máis barata comparativamente, incentivando deste xeito a competitividade e a instalación de novas empresas”, reclamación que está patente por parte de diversos sectores, sobre todo do capital industrial galego. Non do capital en servizos, ó mellor, ou doutros fragmentos de capital, ou, se queren, do empresariado, pero si do capital industrial, do empresariado industrial, e non só industrial no sentido do sector da industria senón industrial no sentido económico propio da teoría económica da palabra. Non vou explicar máis.

Dentro da cuestión dos sectores industriais, por suposto, que a Xunta de Galicia faga efectivo, antes do remate deste ano, o acordo parlamentario que tivo a presenza da Administración autonómica e dos consellos de Administración de ASTANO, Bazán e Barreras. Xa o dixo o señor Fraga onte, aínda que non sei se Barreras foi mencionado ou non, e non sei se terá algo que ver ou non, se foi simplemente que se poden enumerar uns cantos casos e que quede algún por enumerar -a min pásame moitas veces- ou respecto dos rumores de pretensións do Goberno central da privatización de Barreras que, nese caso, evidentemente, a cuestión presenta outro tipo de problemas.

Tamén queremos que o Goberno presente o proxecto dunha “Lei de bases para o desenvolvemento do sector pesqueiro e marisqueiro, que inclúa investigación, organización, construción de buques, comercialización e representación de Galicia e asunción de competencias”.

Queremos, igualmente, un “Plan de recuperación de recursos nas augas que son competencia da Xunta e no litoral na acuicultura, no marisqueo e na pesca, que teña en conta o seu financiamento e as medidas de tipo legal, de adaptación de capacidades (paros biolóxicos), etc., que sexan necesarios”, para que estean regulados nun auténtico plan e estean conectados coa Lei de bases á que antes me refería.

Respecto do Plan agrario queremos, fundamentalmente, que nas concentracións parcelarias que se leven adiante haxa uns criterios que se respecten como mínimo, que non os vou enumerar todos porque non quero quedarme sen tempo para o resto, pero, evidentemente, hai cuestións como un obxectivo, entre os prioritarios das concentracións, que pretende “que as concentracións contribúan a fixa-la poboación agrícola nas zonas concentradas, debido á maior rendibilidade do traballo desenvolvido no sector”. “É dicir, que non sirvan, aínda que sexa involuntariamente, para contribuír á desertización ou accelera-la desertización non só rural senón desertización no plano sectorial do sector agrario. “Estudios socioeconómicos previos da comarca”. É dicir, dentro do marco comarcal; ou sexa, contextualizalo, que sexa ordenación rural e non simple concentración parcelaria.

“Elaboración dun Plan de ordenación de cultivos e

de uso dos terreos concentrados”, sen o cal despois da concentración xa sabemos que practicamente para pouco serve, se non hai racionalidade polos propios paisanos, se non é por propia espontaneidade. E outra serie de cousas que non vou ler pero que están aí, na proposta número once, poden lela con calma.

Outra relativa á gandería. “Facer un Plan de desenvolvemento da nosa gandería de vacún, de carne e de leite, cunha selección e mellora xenética que permita repoñer e renova-la cabana. Potencia-la gandería extensiva. Intervir desde a propia Xunta de Galicia para crear redes eficaces de comercialización de produtos gandeiros”.

“Realizar unha política forestal oposta” -está dito así, pode parecerlles chocante pero pódese poñer doutra maneira- “ós plans da Unión Europea”. Na hipótese mal pensada de que os plans da Unión Europea nos vaian prexudicar. Senón, redáctena vostedes, mediante unha transacción, dunha maneira algo diferente, pero do que se trata é de que se impida a reforestación das terras útiles, a partir dun determinado nivel de utilidade, naturalmente, e polo tanto de rendemento da produtividade, para a produción agraria ou gandeira. Que non nos invadan a superficie agrícola útil para cultivos con rendementos ou para a explotación gandeira con reforestación. E “realizará” programas de reforestación que prioricen a produción de madeiras nobres, promovendo o bosque e a silvicultura nos seus usos de conservación, produtividade e disfrute”. Preocuparase da protección legal dos produtos agropecuarios autóctonos e creará unha rede comercial de distribución.

Logo, en materia de comercio, para empezar, “que o Parlamento de Galicia reclame do Goberno central, a teor do disposto no artigo 150.2 da Constitución Española, a transferencia da totalidade das competencias en materia de comercio interior, de maneira que o Parlamento de Galicia poida lexislar de acordo coas necesidades e características do comercio galego”, e que acabemos con esa situación que non daría máis que lugar á continuación de conflitos abertos ou latentes, que coartan, en definitiva, a actividade parlamentaria, e xa non digámo-la actividade do Goberno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a que elabore un Plan de urbanismo comercial, que ordene e

regule obxectivamente, e en beneficio do sector, a apertura de establecementos comerciais, así como a instalación de grandes superficies". E deixemos de andar á toa ou a salto de mata ou segundo ó que en cada caso resulte en virtude dos factores especificamente en xogo en cada oportunidade.

Respecto do terceiro apartado, de financiamento público, por unha banda, austeridade do gasto corrente, e non austeridade así porque si. Por exemplo: "Reduci-lo persoal de libre designación e o persoal de Gabinete, cando menos nun 20%". Non é moito pedir, dados os niveis que acadaron. "Reducir ó 50% tódolos gastos da Xunta dedicados á publicidade". A chamada institucional que, por riba, aparece, unha vez máis, en boa medida, en boa parte, dentro dese estratexa concepto de investimentos inmateriais e que logo dá lugar a que poidan dicir que a correlación entre operación por conta de capital e operacións de gasto corrente incluso mellora a correlación nos últimos anos. "Reducir ó 50% tódolos gastos da Xunta dedicados a estudos". E "reduci-la contratación das asistencias técnicas coa asunción dos traballos promovidos por elas por parte dos funcionarios técnicos especialistas que existen". Funcionario ou persoal laboral, en definitiva os dous status que existen dentro da Administración neste momento, e que para iso están, e hai persoal altamente cualificado. Probablemente soamente se acuda á outra fórmula ou expediente con carácter complementario nos casos nos que sexa necesario, pero non dunha maneira tan sistemática como se fixo nos últimos anos. E logo, que o Parlamento de Galicia realice un debate específico sobre o financiamento autonómico e a postura do Goberno da Xunta respecto do novo modelo que deberá ser establecido no ano 1996. Ese debate deberase celebrar antes de que remate o primeiro semestre do ano próximo e, en todo caso, precederá ás reunións do Consello de Política Fiscal e Financeira nas que se teña que acordalo novo modelo. Polo tanto, que o Parlamento teña algo que dicir, e lamento que non estea o señor Orza, porque recordo que el sempre defendeu a nivel persoal que debería ser así, que el estaría moi de acordo. Ben, pois, se está de acordo o señor Orza e se os demais están de acordo co señor Orza -os demais ten que ser, por suposto, o presidente do Consello- pois non haberá problema para que se aprobe esta resolución.

O outro apartado -xa ven que hoxe estou simplemente en plan de máquina de exposición de temas porque quero que queden explicados- é o relativo a cuestións de comunicacións e infraestruturas. Entre as que presentamos escolmo as seguintes: "O Parlamento de Galicia insta á Xunta a negociar no primeiro semestre do ano 1996 o Plano ferroviario para Galicia, que deberá debater durante este período de sesións, e no seu caso aprobar, este Parlamento, despois do Dictame da Comisión non permanente correspondente". O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que denuncie ante a Administración central o incumprimento conforme o convenio establecido na execución e remate das autovías galegas da Coruña a Benavente e de Vigo a Benavente".

Por outra banda, noutro terreo, pero dentro deste apartado. "Que a Xunta reclame tódalas competencias en materia hidráulica das augas que discorran polo territorio galego". E deixemos dunha vez esa situación absolutamente surrealista de que existe unha autonomía política e resulta que non se pode facer unha política hidráulica adecuada porque en boa parte as confederacións hidrográficas seguen existindo, de maneira que solapan e, ademais, interfieren o que debería ser, en criterios políticos, un deslinde absolutamente efectivo. É dicir que, polo tanto, Galicia sexa Galicia no seu conxunto, e non que, mesmamente, o país dos mil ríos -como dixera Cunqueiro- non poida gobernar como é debido nesa materia.

A Xunta rematará nun prazo de tres anos o saneamento integral das rías. Ben, ¿que lles vou dicir? Teñen o plan aí desde hai anos e as rías seguen sen sanear. Xa dicimos que rematará, non dicimos que non se teña feito nada, aínda que deberíamos dicir: "non se fixo, virtualmente, nada de nada".

Por outra banda, un plan concertado coas entidades locais que substitúa ó actual proxecto de recollida de lixo de Galicia. Un plan baseado na redución, reutilización e reciclaxe dos residuos sólidos urbanos. E quero recordarlles, señores do PP e señores do Goberno, que a min persoalmente, e ó Bloque, por suposto, no seu conxunto, a este Grupo Parlamentario, parécelle escandaloso o que aconteceu co caso Vigo. É dicir, iso de que en canto teñen un alcalde resulta que todo o que vostedes meteran como guerrilla urbana -da que tanto nos falan a nós- en Teis para ver se

rebetaban un Goberno de coalición, que non rebentou porque mantivo o tipo e non se encerellou nunha guerra civil entre o Bloque e o PSOE, agora resulta que como é de vostedes chega o señor Cuíña e di, con referencia á planta de empacquetado: “acabouse, non hai”. E agora van ter cartos para tódolos investimentos. O señor Fraga chega alí e di: “Vigo terá todo o que necesite de cartos”. ¡Naturalmente! Vigo non, o meu alcalde. As cidades só contan na medida en que nós as teñamos. É o que dicía onte do sentido patrimonialista e de posesión da cidadanía. Os exemplos cantan. Ben, pois nós queremos un Plan de reciclado, reutilización e redución de residuos sólidos urbanos en vez dese monstruoso Plan de residuos sólidos e recollida de lixo que teñen.

Outro punto é o que se refire a servizos sociais e públicos.

En educación queremos un Plan de ordenación do sistema educativo galego no seu conxunto, coa presentación dun proxecto da rede de centros de ensino non universitario, especificando criterios. Creación das prazas necesarias para o desenvolvemento do sistema educativo galego que remate coa situación de precariedade no emprego e a falta de persoal. A dotación real das infraestruturas e servizos, material e mantemento dos centros, que mesmo están recollidas na legalidade vixente, e a súa carencia impide o funcionamento destes e a xeneralización dun ensino de calidade na actualidade, expresamente comedores escolares e transporte escolar. A realización dun Plan galego de formación do profesorado non universitario, sen o cal non hai maneira de que o ensino mellore por moitas estatísticas e medias aritméticas simples que faga o señor conselleiro aquí, que é moi afeccionado a iso, pero non descubriu aínda outros parámetros normais da estatísticas non son teórica senón aplicada, como a desviación típica ou a desviación estándar. Aquí fai medias aritméticas e parécelle que iso está moi ben, pero logo resulta que a realidade é absolutamente aberrante e non ten nada que ver co que aquí di o conselleiro. Logo, por outra banda, abordar expresamente unha planificación para atender as demandas existentes en materia de servizos educativos, nomeadamente transporte, comedores escolares, etc.

Un novo Plan plurianual de financiamento do sistema universitario que permita acadar, polo menos, os

seguintes obxectivos: creación de novas instalacións e o mantemento das actuais, medra de dotación para proxectos de investigación e formación do profesorado universitario, que é outro enorme baleiro. Non se forma profesorado novo, pero séguense creando e poñendo a anda-las novas facultades ou as novas escolas superiores sen cadro de persoal formado. Eu son do ramo, señor conselleiro, e sei o que pasa, sei o que pasou na facultade de Xomalismo e sei o que pasa na facultade de Políticas, por dicirlle algunhas recentes. Os fondos para a formación do profesorado novo estanse dedicando sistematicamente na Universidade a pagar persoal docente non numerario, para resolver problemas dese tipo. Sistematicamente estamos en precario e págano os estudantes e os profesores que queren facer ben o seu labor, que tampouco o poden facer nesas condicións.

Un Plan galego de integración escolar para tódolos alumnos e alumnas con minusvalías que conte cos medios necesarios. Vou rematando, señor presidente, aínda que seguramente me pasarei un pouquiño dos trinta minutos, se mo permite.

Plan concretos en sanidade destinados a que as listas de espera hoxe existentes, tanto para intervencións cirúrxicas como para consultas externas e probas diagnósticas, decrezan paulatinamente -non é moito pedir- ata acadar niveis na sanidade pública que permitan un servizo satisfactorio para a poboación galega. Non me diga que xa están decrecendo porque entón confórmanse vostedes coa realidade existente e non teñen nada que facer no futuro. Para iso deixen xa que funcione só. Póñanlle o piloto automático, e xa vai.

En lingua e cultura só farei referencia -e estou rematando- a un par delas. Unha vez promulgada a Lei do patrimonio cultural de Galicia, que se elabore o catálogo de bens de interese cultural que serán obxecto de atención orzamentaria -ou presupostaria- preferente no exercicio de 1996. E, por outra banda, crea-lo servizo de Inspección do Patrimonio Histórico-artístico. Se non se fai isto de inmediato, de pouco vale a Lei do patrimonio.

Señor conselleiro, sabe vostede perfectamente que un dos problemas endémicos deste país en canto ó patrimonio artístico é a pillaxe -por chamala así- do pa-

trimonio porque, por moito que a lei os teña establecidos, non existen os servizos de control que permitan evita-las aduanadas que cometen individuos sen escrúpulos ou especuladores etc., etc., que dean lugar a iso. Na restauración, moitas veces non se sabe o que hai que restaurar porque non hai a suficiente inspección que a tempo saiba que hai deterioración, etc. Polo tanto, é fundamental.

Finalmente, neste apartado, para facer posible na práctica o emprego real do idioma galego como lingua vehicular do ensino non universitario. Que se desenvolvese o Decreto 247/95, do 14 de setembro, no tocante a concursos de traslados, concursos oposición, cursos de formación do profesorado, contidos curriculares e normalización do uso do galego a través de CEFOP, baremos para as substitucións, contratos administrativos e interinidades. E, ademais, que a Xunta impulse e ampare as demandas de ensino en galego por parte da comunidade escolar de pais e profesores nos centros nos que o español é o idioma dominante do alumnado na etapa infantil e no primeiro ciclo da primaria. Coido que é absolutamente razoable e nada separatista, ou independentista. Se cadra é sectaria.

E, finalmente -coido que finalmente- en canto á radio e á televisión galegas, que a Xunta inste á Compañía de Radiotelevisión Galega, é dicir, o Parlamento aproba a resolución de que a Xunta inste, polo tanto mantémo-lo respecto da autonomía do ente autónomo Compañía de Radiotelevisión, non dicimos que a Xunta lle diga o que ten que facer. Eliminar calquera práctica censorial nas súas programacións e emisións. Elaboraren e poñeren informativos e programas ó servizo da pluralidade social e política do país, da sociedade galega, da cidadanía. Reflectir nos telexornais e demais espazos informativos a imaxe cabal do que se produce nas institucións públicas, e nomeadamente no Parlamento galego, sen ocultamentos nin restricións de tempo concedido con respecto ó pluralismo ideolóxico e político das institucións. Inauguraren espazos específicos de debate político. Os últimos espazos de debate político que houbo na televisión de Galicia tiveron lugar durante o terrorífico e felón Goberno tripartito. Felón non sei se era o Goberno pero, polo visto, había algún felón. Iso foi antes do ano cero do que falaba o outro día, ou onte, antes do ano 1989. Supoño que lles interesa, que están vostedes dispostos a ser moi demócratas e van

aprobar isto. E inaugurar, tamén, espazos específicos de debate e información cultural. Non se trata todo, nin só, nin siquiera primordialmente, do plano político, de partidos políticos; e político tampouco significa só partidos políticos, hai organizacións que teñen relevancia política que non son partidos, que son organizacións sociais, pero que teñen unha relevancia clarísima na vida política. Polo tanto, tamén espazos de debate e información cultural nos que se recolla a pluralidade na creación e produción cultural do país en tódalas súas expresións, e que non sexa o listado consabido, e non precisamente sempre dos mellores, senón máis ben case sempre...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia concluíndo.

O señor BEIRAS TORRADO: Remato, porque só me queda un papelíño.

É simplemente que o Parlamento inste á Xunta de Galicia -non sei se o pode determina-la Xunta de Galicia, pero nós dicimos á Xunta de Galicia- “a determinar que a presenza do presidente da Xunta en representación do Goberno se produza no Parlamento con certa frecuencia para responder a preguntas ou interpelacións que formule a oposición”. Con certa frecuencia. Frecuencia é unha palabra que todos comprenden, ¿verdade?, e, polo tanto, deixa unha marxe moi ampla. Hai frecuencia modulada, hai onda longa, hai onda curta, etc. Desculpen, francamente a frecuencia defínana como lles pareza, pero que sexa con certa frecuencia. En todo caso, que a frecuencia non sexa “*una vez al año, por Pascua florida, o antes si ha de comulgar*”, como dicía o Catecismo que había que confesarse, que é o que fai o presidente da Xunta actualmente. Debe se-la Pascua florida agora, máis non é, a Pascua é na primavera. Non é despois de Carnestolendas, senón que a Pascua florida agora é ó comezo do outono, ou sexa, que temos unhas comparecencias outonizas. Non volvo liarme coa historia da senilidade nin do outonizo, pero iso *del otoño del patriarca* tampouco llo aplico, señor Fraga. A min gústame ler, ¿sabe?, e non me quedo en ler só as lapelas dos libros.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor deputado.

O señor CORTIZO NIETO: Señor presidente, señorías, señor presidente da Xunta, eu remato aceptando a invitación que vostede fixo ó final, recoñecendo, ademais que, ás veces, é verdade que hai que mirar ó adversario. Eu estou de acordo con vostede agora, despois de reflexionar sobre esa cuestión e sobre algunha outra. Estou de acordo niso; recoñezo, polo tanto, o erro, e a cambio pídolle e fágolle tamén unha invitación á reflexión conxunta non sobre as posicións de cada quen nesta Cámara, máis estrictamente de grupo ou do propio Goberno na súa posición, senón sobre o feito de que é posible que nin todo estea ben nin todo estea mal, e que polo medio haxa moitas posibilidades de traballar a favor deste país e a favor dos sectores que sustentan, en definitiva, as persoas, porque o país sen persoas non é máis que unha cousa puramente física.

Fago esta intervención desde a mesma convicción que tiña para face-la intervención no día de onte. A firme convicción poida que en determinados aspectos equivocada, como estou tamén seguro de que a súa propia convicción sobre o seu labor e xestión ten tamén aspectos nos que hai equivocacións ou fallos de apreciación. Pero, insisto, a convicción é a de que os galegos podemos facer moito máis por nós mesmos, e que, evidentemente, o Goberno non ten feito todo o que pode facer nin fixo ben todo o que fixo, e que os resultados e os datos que eu barallei tomados de -insisto- opinión de persoas, analistas e organismos independentes, que tamén poden ter certa marxe de subxectividade, indican que hai déficit de goberno. Que hai déficit de goberno significa que hai medidas que se poden tomar desde a acción de goberno e desde o exercicio da autonomía, gobernando, que poderían mellorar eses índices que, ó final, son os datos que nos caracterizan como Comunidade Autónoma cando se fala de país subdesenvolvido ou menos desenvolvido ou pouco desenvolvido. Polo tanto, créame que parto desa convicción e que non é simplemente unha intervención, nin a de onte nin a de hoxe, co único ánimo do xogo político de desgasta-lo adversario, sexa verdade ou non o que se di, crea un no que di ou non crea. Polo tanto, parto de que hai que exercer-las competencias do país, as competencias da Comunidade Autónoma, do Estatuto de autonomía, en beneficio do país e, polo tanto, insisto en que o modelo de crecemento propiciado pola política económica da Xunta de Galicia nestes seis anos non deu

os resultados apetecidos; dito isto coa afirmación global de que non alcanzamos un lugar preferente entre o concerto das rexións europeas ou entre as comunidades autónomas españolas, ou dito en calquera outra clave, en clave de benestar social con carácter xeral ou en clave de cuestións concretas, como poidan ser-las referentes ó emprego, á diminución de índices de pobreza ou a calquera outra cuestión.

Polo tanto, hai que poñer en marcha ou, polo menos, hai que reflexionar sobre a necesidade de tomar medidas concretas sobre a economía deste país ou sobre a política económica deste país. Evidentemente, iso ten un primeiro paso nos presupostos da Comunidade Autónoma que vostedes están terminando de elaborar. Os presupostos, se a reflexión conduce a algo, deberían ter en conta medidas concretas diferentes das anteriores, non porque teñan que ser diferentes por necesidade, senón porque algunhas das políticas económicas que os presupostos deseñaban para os anos anteriores, non parece, polos resultados, que sexan as máis acertadas. Non hai máis que referirse ó Plan ecómico e social. Evidentemente, as previsións do Plan económico e social non se están cumprindo, non se están alcanzando. Se aquel era un documento global e partía dunha análise dun diagnóstico determinado da situación e sobre o deseño dunhas determinadas políticas pretendía alcanzar determinados obxectivos e os obxectivos non se alcanzan, pois houbo un diagnóstico non acertado de todo; ou se as medidas que se toman para alterar ese diagnóstico e chegar ós obxectivos distintos do diagnóstico -obxectivos que configuren unha situación distinta da que o diagnóstico sinala- non se toman, pois é obvio que hai que entrar nese tema e hai que introduci-las modificacións oportunas.

Non vou especificar exactamente as medidas porque vou entender que as medidas concretas son o propio programa de Goberno. Pero eu supoño que, independentemente de que o seu programa de Goberno e o que eu puidera defender fosen distintos, teño que entender á forza que respecto de obxectivos relacionados co paro, respecto de obxectivos relacionados co benestar social, respecto de obxectivos relacionados co calquera cuestión que induza ou que produza unha mellora na situación, na condición de vida dos cidadáns, na mellora da viabilidade das empresas, neses obxectivos concretos inevitablemente teremos que es-

tar de acordo. Outra cuestión é que teñamos formas distintas de concibi-las medidas concretas que hai que poñer en marcha para chegar a eses obxectivos, pero é evidente que neses obxectivos non podemos diferir, ou non podemos distinguir.

Cando falo de presentar un conxunto de medidas de política industrial para fortalece-la competitividade, para promocionar ou formar recursos humanos necesarios, etc., etc., pois é evidente que non as concreto. E non nos imos ás cento e pico de propostas ou 200, como fixemos nalgũa ocasión, intentando plasmar dese xeito cales serían as nosas, o que fago é poñer en evidencia que se necesita ese conxunto de medidas, pero convido a que o Goberno formule aquí as que non están ben ou as que non están sequera.

E dentro dese esquema encaixa perfectamente a petición dunha lei de reforma agraria. Xa dixo vostede onte que o nome de reforma agraria lle parecía algo anticuado, pero a cuestión non é o do nome, é cuestión de se o sector da agricultura necesita ou non unha reforma, se é certo ou non que as estruturas no campo galego son arcaicas en moitas vertentes, se hai unha estrutura minifundista ou non, se iso repercute ou non sobre a produtividade do sector agrícola e se hai ou non rixidez no mercado de terras e se iso dificulta romper esa situación de estrutura minifundista da propiedade e, polo tanto, segue repercutindo na baixa produtividade do sector, e así con outros aspectos. No último extremo, o de Lei de reforma agraria non deixa de ser máis ca un rótulo que indica unha intención; falemos dun paquete de medidas, se é o mesmo.

E no ámbito do sector pesqueiro eu sigo defendendo, porque creo nos datos que me levan a esta conclusión, que é un sector pesqueiro, o mariñeiro, o do mar de Galicia, tanto no que son as competencias propias de Galicia coma naquelas outras nas que tamén incide o propio Estado, e as posibilidades son moito maiores que as que os resultados que agora mesmo obtemos del parecen indicar. Polo tanto, é obvio que hai que ir á ordenación ou, se quere, mellor á recuperación e logo á ordenación deses recursos para ser capaces de, con base nun traballo perfectamente deseñado, obter unha maior produtividade dese sector. Aí inclúense tamén aspectos sobre comercialización, sobre canles de distribución, e sobre todas esas cuestións.

Evidentemente, vostede podería ter unhas fórmulas concretas para mellora-la comercialización en función do que indiquen os seus conselleiros técnicos e demais, pero o de menos é iso, porque o de máis é traballar sobre o tema da comercialización, sobre o tema das estruturas, en definitiva, que ten que existir máis alá do que é a simple extracción do recurso.

Tamén lle pido que reflexione sobre un aspecto concreto, dentro do que é a dinamización da economía galega, o da corrección dos desequilibrios territoriais. Será mentira, non o sei, eu creo que non, porque o que escribiu isto non tiña por que mentir. Pero ata onde eu sei, ou ata onde me preocupe de saber, direi que o sector, por exemplo, de servizos da provincia da Coruña produce máis que todo o sistema económico de Ourense e Lugo. Ese é un dato de desequilibrio tremendísimo, e ese desequilibrio non é algo en abstracto, ese desequilibrio ten unha incidencia sobre persoas concretas, sobre poboacións concretas; o mesmo dato de desequilibrio que en paralelo con isto di que de cada 100 pesetas que se producen en Galicia de riqueza, dentro do PIB do noso país, A Coruña e Pontevedra producen 75 e Lugo e Ourense producen 25. Loxicamente, estes desequilibrios territoriais, en canto á produción de riqueza, repercuten tamén en canto a desequilibrios sociais, en canto a desigualdades sociais e na produción de inxustizas e de situacións absolutamente non queridas por ninguén.

En relación con toda a política nestes tres sectores, pesca, agricultura e industria, hai que incidir na planificación das estruturas, na propia existencia de infraestructuras, nos distintos tipos de infraestructuras. Evidentemente, haberá que gobernar e, polo tanto, tomar accións no que se refire ás infraestructuras coordinadamente co que deseñen as políticas en agricultura, en pesca e na industria. Non se pode facer un plan de estradas illado e dicir fagamos 100.000 km de estradas porque, ó final, se a valoración absoluta se fai polo número de quilómetros, o plan será estupendo, pero se esa planificación -situación, polo tanto, de estradas- non se fai de acordo cuns criterios que se deriven das propias políticas que se teñen que desenvolver no ámbito da agricultura ou no ámbito da pesca ou no ámbito da industria pode ser un investimento escasamente rendible desde o punto de vista da dinamización da economía.

E falo de infraestruturas de tódolos tipos, desde as de parques empresariais ata as da educación. E aí quérome deter un segundo. En relación coa educación, é urxente e necesario a elaboración dun novo plan de financiamento das universidades e, por suposto tamén, dentro do Plan transitorio de adaptación á LOXSE, é necesaria a inclusión da correspondente planificación financeira para poder levala a cabo. Xa sei que isto contradí un pouco a súa intervención de onte, na que a educación era un dos sectores que tivera un aumento na súa dotación presupostaria. Pero eu non podo compartir con vostede que tódalas manifestacións que se fan en relación con demandas de transporte, con demandas de comedores son todas organizadas, coma se fose unha eterna conspiración, só co único fin de desgasta-la obra. Eu creo que non, creo que hai veces tamén que os afectados, non atopando saída ós seus problemas, recorren a un sistema relativamente fácil e antigo pero, ás veces, como única forma de saír de determinados camiños bloqueados pola existencia de responsables noutros niveis que non son quen de atende-la situación ou non son quen de saber resolvela ou calquera outra caste de cuestións. Pero pensar que todo o que se manifesta é cun simple afán de desgasta-lo Goberno, independentemente de que exista ou non, a min paréceme non asumible, por dicilo dun xeito suave.

E na Universidade hai que abordar tamén unha cuestión fundamental, desde o punto de vista dunha infraestrutura que debe ser planificada á súa vez, e é a do mapa de titulacións, en función dun detallado, amplo, ou o que se queira, estudio do propio país. Porque o mapa de titulacións non pode depender das querencias dos rectores ou das querencias dos alcaldes ou de calquera outra querencia non xustificada con criterios científicos, sociais ou económicos; en definitiva, criterios de país.

O primeiro que ten que haber é o mapa, que agora non o hai e, efectivamente, unha parte da súa función é forma-las persoas que no futuro terán que sacar a adiante este país, e terán que sacalo traballando nas empresas ou onde faga falta. Pero teremos que te-las titulacións que formen as persoas que as empresas que pensemos que deberán montarse no futuro demanden. Se pensamos que ten que ser un mundo en desenvolvemento agrícola, terá que haber técnicos en agricultura nos distintos eidos suficientes, haberá que

estudiar se os centros de formación que temos na Universidade nese campo son ou non axeitados para o futuro que perseguimos na agricultura e, así, sucesivamente, en tódolos terreos. Ben sei que non é posible en absoluto facer unha previsión sobre as necesidades ou sobre as demandas de mercado que permita elaborar un cadro estricto das titulacións que ten que haber e das ensinanzas que se teñen que impartir -absolutamente imposible-, pero pode haber unha tendencia, pode haber un certo acoplamento entre unha cousa e outra, como o pode haber cando se fala da Formación Profesional. Onte díxeno: hai déficit de prazas en Formación Profesional, e está sendo público que hai miles de persoas, miles de mozos, que desexarían estudar Formación Profesional e que non teñen sitio.

A Formación Profesional, por riba dos debates que se tiveron durante moitos anos en canto se había que prestixiala ou non, hai que dicir que ó final haberá que chegar á conclusión de que nun mundo como o que a economía nos indica que vai se-lo do futuro se necesitan o tipo de técnicos que é capaz de formar un sistema do nivel da Formación Profesional, e que se nos permitímo-lo luxo de non dar saída á demanda dos que queren realizar eses estudos, a consecuencia será que a demanda de técnicos formados nese nivel non a poderemos satisfacer desde o noso propio esforzo educativo, desde a nosa propia infraestrutura educativa.

E esa é a descoordinación que non pode haber entre a planificación da infraestrutura educativa e a planificación industrial ou calquera outro tipo de planificación dentro da política económica. Eu creo que isto é de bastante sentido común, e os datos están aí. Eu non inventei, señor presidente, o dos miles de prazas de déficit na Formación Profesional, nin inventei o que acabo de dicir sobre o tema da planificación das titulacións universitarias cunha certa converxencia co mundo real, coa demanda da sociedade en relación cos titulados.

Por outra banda, o tema que se refire á Universidade, ó investimento e ó desenvolvemento tecnolóxico, eu creo que é fundamental. Creo que foi algo do único que vostede semiaceptou onte cando dixo que era verdade que non existía un sistema de investimento e de desenvolvemento industrial forte;

ben, non é que o aceptara plenamente pero, dalgún xeito, ... Pois xa que se me aceptou esa cuestión, eu creo que, agora, unha vez asumido ou semiasumido, asumamos que hai que facer un esforzo enorme. Porque, insisto, non imos ser quen de producir nun país das dimensións e das capacidades financeiras do noso a masa crítica suficiente para xerar todo o desenvolvemento tecnolóxico que os sectores estratéxicos demandarían. Imposible. Pero si podemos producir bastante. E, ademais, non só poderemos producir bastante senón que, ademais, logo, poderemos rendibilizalo economicamente exportando o *saber facer*, dito en galego. Polo tanto, é un sector que de ningún modo debería estar tan abandonado como o estivo estes anos, desde o punto de vista da non realización do plan ou desde o punto de vista da descoordinación no esforzo -o que sexa, o que estean facendo, xa non o vou criticar- do que se inviste en investigación e en desenvolvemento tecnolóxico. Creo que se somos serios nos propósitos e na responsabilidade política que a cadaquén nos compete, que no fondo se parecen bastante, aínda que cada un faga o papel que ten que facer, eu creo que isto é algo que non pode segui-lo mesmo camiño que seguiu durante estes seis anos.

Tamén me parece importante facerlle unha chamada de atención, unha chamada á reflexión no tema medioambiental, xa que nestes últimos días, desde as áreas do Goberno, se falou do tema medioambiental como un tema importante e no que había un proxecto integral para o seu desenvolvemento, para a súa protección, para o que vostede queira. Eu parto tamén de que non creo que a eficacia e a efectividade de tódalas normas e de tódolos consellos que se deron en relación co medioambiente teñan dado un resultado positivo. Limitome a formular catro cuestións: en relación co tema dos incendios; en relación co tema do Plan de residuos sólidos e, máis aínda, nin sequera co plan senón co problema dos residuos sólidos; en relación co saneamento das rías; en relación coa elaboración dun mapa de zonas degradadas e a súa posterior corrección; e en relación con algo global, como a necesidade ou a fórmula de establecer unha única unidade administrativa que fose quen de asumir tódalas competencias que no tema medioambiental hoxe están espaxadas e, polo tanto, na medida en que espaxadas e descoordinadas, ineficientes.

No ámbito da política municipal, xa que é municí-

pal a administración máis próxima ó cidadán, hai tres cuestións que quixera resaltar. A primeira é un feito que os alcaldes que non son da súa cor política denuncian, e é a falta de asistencia por parte da Administración autonómica, na mesma medida na que esa asistencia se proporciona a outros concellos que si están rexidos por alcaldes do seu partido; algo que aquí ou noutro ámbito da vida política e da vida social se chamou sempre clientelismo, sectarismo, partidismo ou simplemente amiguismo.

Polo tanto, en relación con esta cuestión soamente me queda pedirlle que faga algo que, máis alá de dicir que non é verdade o que se di, arbitre -se non é verdade non importa, pódense arbitrar- fórmulas que nos permitan a todos ter garantías de acceso ós fondos que deben ser distribuídos entre os concellos, sen ter que estar preocupado nin ter que facer esforzos suplementarios para convencer a ningún membro de ningún Goberno que consiga aquilo que, en definitiva, non son máis que fórmulas para arranxar problemas dos cidadáns, e que non importa a cor que teña o encargado de arranxalos senón o problema dos cidadáns.

Tamén quero sinalar no ámbito da política municipal que se o principio da subsidiariedade e o de descentralización de competencias ou de delegación de competencias vale para Estado-comunidades autónomas, tamén debe valer para Comunidade Autónoma-concellos. Polo tanto, hai que estudar ese tema e hai que chegar a -nós chamámoslle- un “pacto local”, e engadímoslle de colaboración, de cooperación, para evitar duplicidades. Se é interesante evitar duplicidades entre calquera Administración, autonómica ou central, tamén o será para a autonómica e a municipal.

Claro, que a delegación de competencias debe ir ligada, obviamente, á transferencia de recursos para poder atender e para poder presta-los servizos que esas competencias implican de cara ós cidadáns. Nós falamos dunha lei de reparto de ingresos e da creación dun fondo específico para homoxeneiza-las prestacións financeiras; en fin, poden ser outras fórmulas ou outros instrumentos. Pero, en calquera caso, débese evitar que se dea a situación, que imaxinemos que se producira entre a Comunidade Autónoma e o Estado, de que non houbese unha fórmula de financiamento

que permitise a autonomía real do exercicio das competencias que ten a Autonomía -neste caso, que non permitise a autonomía de funcionamento que o Concello debe ter-, porque o Goberno central negase, diminuíse ou xogase coas fórmulas financeiras.

Onte falaba do ámbito institucional e propoñía unha serie de medidas que deberían cambiar substancialmente a sensación que respecto da vida pública e das institucións políticas teñen os cidadáns. Eu teño a convicción, tamén neste tema, de que, hoxe, a sensación e a opinión que os cidadáns teñen das institucións políticas non está nos niveis máis altos; que hai responsables desa caída no nivel de aprecio e de respecto polas institucións a título individual, pero tamén os hai a título colectivo polos comportamentos que reiteradamente o cidadán pode entender como defensores de certa inutilidade dalgunhas institucións.

E eu onte facía referencia ó mal funcionamento do Parlamento, desde o punto de vista da función de control, e sigo insistindo nisto. Na nosa proposta de resolución había un apartado referido ó tema do Regulamento deste Parlamento. Pero a consideración da Mesa do Parlamento era que as propostas de resolución neste debate só podían ser dirixidas ó Goberno e para que o Goberno tomase unha iniciativa, e non procedía, a xuízo da maioría da Mesa, que este Parlamento aprobase, ou polo menos discutise, unha resolución na que se pedía a modificación da Lei do Regulamento. Pero, en todo caso, sexa metodolóxica e regulamentariamente oportuno ou non, a realidade é que sigo insistindo en que hai que cambia-las pautas de comportamento neste Parlamento, hai que introducir elementos e mecanismos de transparencia e de control dos cargos públicos no exercicio dos mesmos, hai que revitalizar este Parlamento para que á xente lle pareza algo máis ca un entretemento ou algo máis ca un lugar de colocación para -como din na rúa- políticos, moitas veces en sentido bastante despectivo.

Eu expuxen tamén a idea, dentro deste mesmo esquema, da modificación do sistema electoral. Non vou insistir nas argumentacións, pero con esa idea trato de recoller algo que está na mentalidade de moita xente.

Falei tamén -e o meu grupo propono- de instar á Xunta para que formule a modificación da Lei de cre-

ación da Compañía de Radio-Televisión en dous puntos fundamentais nos que se manifestan tódalas televisións públicas e tódolos medios públicos de comunicación, aquí ou en calquera outra Comunidade Autónoma ou en calquera outro nivel de Goberno, como o elemento fundamental do seu control: o nomeamento dos cargos directivos en mans do Goberno e, polo tanto, dalgún xeito gobernamentalizando e poñendo baixo o seu control o que, por ser precisamente público, non pode estar en mans do Goberno; e no Consello de Administración que as súas características, a súa composición e as súas funcións deben ser moi distintas das que ten agora mesmo. E non só porque as que ten agora mesmo todas elas sexan máis ou menos equivocadas -algunha haberá acertada-, senón porque, ó longo dos anos, demostráronse como inoperantes á hora de posibilitar que o Consello de Administración da Compañía actúe realmente como un órgano xestor ou como o que ten que ser en esencia o Consello de Administración dunha compañía, dunha sociedade anónima en último caso, como podería dicirse por analogía.

Finalmente, e remato xa, só unhas referencias ó tema propiamente autonómico. Nós entendemos que o tema das competencias é algo importante e fundamental. Aceptámo-lo que a boa disposición da Administración central e a xestión do Goberno autonómico fixeran para acadar novas competencias, algunhas delas moito tempo paradas. E entendemos que, á vista dese proceso, cómpre consolidalo marco competencial e cómpre crear unha ponencia -non sei se é o mellor esquema- que actualice os contidos do propio Estatuto. En relación con este tema, habería que engadir que sempre e cando queden competencias compartidas para algún ámbito de interese, debería establecerse tamén un mecanismo de coordinación e cooperación entre as administracións que permitise a maior rendibilidade das medidas de cadaquén.

Vou facer unha simple referencia, porque xa é moi abundante a literatura e o dito sobre o tema, ó financiamento autonómico. Nós compartímo-la necesidade, xunto con toda -creo- a Cámara, da elaboración dun proxecto ou dun modelo de financiamento autonómico, que é difícil de facer, desde o noso punto de vista, porque Galicia necesita do principio da solidariedade de forma efectiva e non de forma literaria, e porque iso é difícil de plasmar nun sistema financeiro,

quérerase aceptar ou non. Polo tanto, creo que toda forza política que se poida facer na negociación dun sistema financeiro é boa, e que se nós somos quen de elaborar, non como Goberno de Galicia senón como Galicia e, polo tanto, como Parlamento, un modelo que non só sexa a proposta dun goberno, senón que sexa de todo o Parlamento, a forza política desa proposta sería maior. Polo tanto, de aí a nosa idea de que fose o propio Parlamento -a iniciativa do Goberno, sobre a base do traballo do Goberno ou sobre o que fose- quen elaborarse esa proposta de sistema de financiamento no Consello de Política Económica e Fiscal.

Máis nada e moitas gracias.

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, García Leira).

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas gracias, señor Cortizo.

Ten a palabra o señor Suárez González polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor SUÁREZ GONZÁLEZ: Señor presidente, señoras deputadas, señores deputados, o Grupo Parlamentario Popular presenta un conxunto de 24 propostas de resolución, todas elas derivadas do debate de política xeral que estamos a celebrar, e que van encamiñadas a demandar dos poderes públicos unha serie de medidas que nós consideramos moi importantes e que iremos presentando sucesivamente agrupadas en materias que teñan unha determinada relación entre elas. Así, as propostas de resolución que levan os números 1, 2, 3, 4, 22, 23 e 24 fan referencia a cuestións relacionadas coa agricultura e a política forestal e imos intentar expoñelas o máis breve posible.

A proposta que leva o número 1 é unha petición sobre o incremento da cota láctea ata acadar un mínimo de dous millóns de toneladas, tendo en conta para isto que a produción crecente das nosas explotacións e o déficit de leite en España así o demandan. Cremos que é unha petición imprescindible e de estricta xustiza. Como dicía onte o señor presidente da Xunta, basta dicir que Galicia recibiu no reparto da cota de reserva 136.502 toneladas, cando as peticións dos gandeiros ascendían ata 500.000 toneladas. Por iso, na proposta que logo virá, a número 22, demándase un

reparto da cota de reserva láctea que se axuste a criterios favorables para os nosos gandeiros.

A proposta de resolución número 2 vai encamiñada a demandar unha aplicación xusta da política agraria común a Galicia que simplifique a tramitación das axudas e que recolla as peculiaridades da nosa agricultura, tendo en conta, ademais, que a renda agraria galega permaneceu constante durante o período 1992-1993, mentres que en España se incrementou nun 19% debido ás subvencións do FEOGA-Garantía.

A proposta número 3 demanda unha organización común de mercados que inclúa o non arrinque obrigatorio de cepas e a reestructuración do viñedo, co fin de acadar-la mellora da calidade do viño.

A proposta número 4 encamiñase a acadar unha organización común do mercado da pataca que fixe a superficie de base por agricultor para prima-la diferenza entre o prezo real e o de referencia como taxa de responsabilidade.

A proposta número 23 -estamos aínda nas de agricultura e política forestal- vai dirixida a acadar-lo preciso e indispensable apoio comunitario á produción forestal. E a número 24 demanda do Goberno central a redacción dunha lei de bases, unha lei básica de montes que incentive a produción forestal. Ámbalas dúas propostas teñen un fin concreto, que é o de fomentar e potencia-la produción de madeira e que se obteñan os maiores rendementos económicos dentro desta industria competitiva.

Outro conxunto de propostas de resolución refírese ó sector pesqueiro, de tanta importancia -que non é necesario resaltar aquí- para Galicia e que neste intre necesita toda clase de axudas que o alenten e potencien para ser un dos máis estratéxicos dentro do contexto productivo.

A proposta número 5 demanda unha reforma do Regulamento de Mercados Pesqueiros que permita acadar axilidade e automatismo na aplicación de cláusulas de salvagarda contra importacións a prezos anormalmente baixos e que introduzan neste Regulamento as especies de verdadeiro interese, especialmente en sectores de baixura e marisqueo.

A proposta número 6 fai referencia a que se abor-

de unha nova política pesqueira que teña como fin a mellora estrutural do sector, coa renovación da flota e a modernización das infraestruturas de apoio en terra.

A proposta número 7 fai referencia a que se leve a cabo un apoio decidido á mellora das canles de comercialización e aproveitamento de especies de baixo prezo que teñan posibilidades potenciais e apoio ás industrias de transformación de produtos pesqueiros.

A proposta número 8 vai encamiñada á consolidación da presenza da flota galega en augas internacionais e de terceiros países, tendo en conta unha serie de medidas que pasan pola defensa na NAFO da flota arrastreira conxeladora de longa distancia, por campañas científicas en caladoiros internacionais, pola diversificación de campañas experimentais e, finalmente, por acadar novos acordos pesqueiros en diversos países ou aproveitar outros preexistentes que se determinan na propia proposta de resolución.

A proposta número 9 pretende que se promova unha política social pesqueira, con medidas sociais, de acompañamento á reestructuración do sector pesqueiro, con financiamento independente do IFOP, concretada en xubilacións anticipadas voluntarias dos mariñeiros con redución da idade mínima ós 50 anos, e, se é o caso, con elaboración e aplicación de programas de reorientación profesional, así como a incentiación das empresas que os recolquen en novas actividades laborais e a adaptación das normativas sociolaborais españolas derivadas das especificidades do traballo dos mariñeiros, dando cobertura ás situacións de desprotección derivadas dos paros biolóxicos, do esgotamento das cotas e da interrupción de tratados internacionais, modificando os coeficientes reductores da idade de xubilación para os propios mariñeiros.

Para rematar xa, as propostas que fan referencia ó sector pesqueiro, a número 10 en concreto, vai encamiñada a esixir actuacións enérxicas cara a conseguir un acordo xusto, entre a Unión Europea e o reino de Marrocos, favorable ós intereses do noso sector pesqueiro.

A proposta de resolución número 11 demanda un tratamento xusto e equilibrado da rede ferroviaria que conteña a mellora da accesibilidade a Galicia nos eixes León-Monforte, Vigo-O Porto e Ourense-

Zamora; modernización da rede para poder acadar velocidades comerciais ó redor dos 100 quilómetros por hora e a remodelación de determinados trazados, especialmente o eixe Atlántico: Ferrol-A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo-O Porto.

Na proposta número 12 demándase un tratamento xusto e equilibrado no deseño da execución da rede de estradas do Estado e, concretamente, nas autovías do Cantábrico: a de Santiago-Ourense e a de Lugo-Ourense.

Na proposta número 13 demándase a transferencia dos portos de interese xeral en consonancia coa Administración única.

Na proposta número 21 esíxeselle ó Goberno central o inmediato cumprimento do acordo sobre a construción das autovías de enlace coa Meseta, xa que os retrasos que están a experimentar son inexplicables e inxustificables.

A proposta número 14 fai referencia a demanda-lo apoio institucional do Goberno central e a asunción do Xacobeo'99 como proxecto de Estado, ó igual que a capitalidade cultural europea da cidade de Santiago de Compostela para o ano 2000, dispoñendo para o efecto as necesarias axudas económicas a prol de ámbolos dous eventos.

A proposta número 15 reclama a redefinición do financiamento da sanidade, tendo en conta criterios de dispersión xeográfica e o avellentamento da nosa poboación; factores que inflúen nun financiamento máis axustado ás nosas realidades.

A proposta número 16 tamén fai referencia á solididade do incremento na participación da nosa Comunidade Autónoma no 0,52% do IRPF destinado a subvencionar a realización de programas de cooperación e voluntariado social.

Na proposta número 17 reclámase con carácter de urxencia a construción da terminal gasística de Ferrol.

Na proposta número 18 reclámase o cumprimento do compromiso do Goberno central a que contribúa con 15.000 millóns de pesetas ó financiamento do Plan MEGA, no que a Xunta xa ten investidos 18.000

millóns de pesetas.

Na proposta número 21 demándase a reformulación do marco legal estable aprobado en 1994, de xeito que non penalicen as subvencións doutras administracións distintas ás do Estado, en detrimento das empresas eléctricas galegas.

E xa para rematar, a proposta de resolución número 20 refírese á participación da nosa Comunidade Autónoma nos consellos de administración das empresas públicas estatais con presenza en Galicia, como poden ser ENDESA, ASTANO, Bazán, INESPAL, etc., todas elas claves para o noso desenvolvemento.

Entendemos que estas 24 propostas de resolución, todas elas derivadas do discurso de onte do señor presidente da Xunta, son ou van ser moi importantes para tódolos sectores productivos. E, por outra banda, teñen gran relevancia en temas referentes a infraestruturas, temas culturais ou temas sociais.

Por todo iso, pido e solicito para todas elas o voto favorable de toda a Cámara.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Suárez.

Conforme ó establecido, procedemos agora a suspender a sesión. Faremos unha suspensión, en principio, por un prazo de media hora, pero se os portavoces necesitasen máis tempo, faranllo saber así á Presidencia para alonxalo período de suspensión. En principio, suspéndese a sesión por 30 minutos.

Suspéndese a sesión ás seis e tres minutos da tarde e reiníciase ás sete e cuarenta minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reiníciase a Sesión.

Corresponde comezar agora unha rolda para que os grupos parlamentarios tomen postura con respecto ás propostas de resolución dos demais grupos.

En primeiro lugar, ten a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario do BNG, o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías, vou fixa-la posición do BNG respecto das propostas de resolución dos outros dous grupos parlamentarios.

Comezando polo Grupo Socialista, o BNG atopa bastantes concordancias en moitos dos apartados específicos que o documento do Grupo Socialista presenta e que, para efectos de técnica de votación, etc., se detallará segundo fomos informados, é dicir, coma se fosen unha serie de propostas de resolución aínda que non estean formuladas como tales. E, conseguintemente, imos votar a favor en principio de tódalas que non son as que vou dicir agora ou, mellor dito, coas precisións que vou facer a continuación.

Imos votar a favor da que di, no apartado do ámbito do impulso autonómico: “Impulsa-lo proceso de consolidación do marco competencial estatutario mediante a creación dunha ponencia conxunta que actualice os contidos do Estatuto de autonomía e que tenda a acadar-la homoxeneización de competencias entre as comunidades históricas (...)” dado que o Grupo Socialista aceptou que rematase aquí e que se suprimise o que dicía despois: “(...) e, en xeral, coas que acadaron a aprobación do seu Estatuto ó abeiro do artigo 151 da Constitución”. Non temos nada que dicir en contra desoutras autonomías, concretamente da andaluza, pero as comunidades históricas son as comunidades históricas e nós consideramos que non podemos mesturar unhas cousas con outras. Dado que o Grupo Socialista acepta que remate e se refira só á homoxeneización de competencias entre comunidades históricas, é dicir, Galicia, Euskadi e Cataluña, votamos a favor neses termos.

Na seguinte, a de “Elaborar unha proposta do sistema de financiamento das comunidades autónomas que inclúa propostas de aplicación efectiva de responsabilidade fiscal e faga real o principio de autonomía financeira que contemple as especificidades de Galicia e os mecanismos que garantan a solidariedade entre as distintas comunidades autónomas...”, suprimíndolle, como tamén asume o Grupo Socialista “...e entre as cidades e os cidadáns de España”, que se move a outro nivel de Administración territorial, local, etc., pois, tamén imos votar a favor. Feita a aclaración de que nós solicitamos precisamente que no Parlamento se trate especificamente a posición da

Xunta e a posición do Parlamento e se analice ese estudio cara ó debate na Comisión no ámbito estatal correspondente do modelo de financiamento das comunidades autónomas. Polo tanto, non interfere unha cousa coa outra. Por iso podemos apoiar con esta matización, aceptada polo PSOE, esta iniciativa.

Sen embargo, abstémonos na referente a proceder a unha necesaria coordinación entre as administracións con competencias compartidas para deseñar un marco de relación estable, porque se trata de potenciar, impulsar, abarata-los custos, etc., e para nós non queda claro, nin foi aclarado polo Grupo Socialista, en que se traduce iso realmente. Polo tanto, abstémonos.

Tamén nos abtemos, nas do ámbito de política municipal, na da elaboración dun pacto local de cooperación e coordinación entre as corporacións locais e a Xunta de Galicia, porque inclúe tamén o de permitir delegar competencias de entidades locais, e iso, en principio, xa se pode facer sen necesidade de dicir nada. Pero logo, en cambio, se iso pode valer, por exemplo, para que, dalgunha maneira, ocorra o que ocorreu co que a COTOP propuxo aquí -e que foi aprobado pola maioría do PP-, da delegación ós concellos en materia de urbanismo -que, por exemplo, agora en Ribadeo, xa ven, se poden *carga-lo* PP sen que vostede diga nada-, pois nós non podemos apuntarnos a iso, salvo que estivese máis concretado. Polo tanto, abstémonos.

E, finalmente, abstémonos, nas do impulso democrático, na de modificación da Lei vixente de eleccións ó Parlamento de Galicia, no sentido de que a elección dos deputados se realice a través de listas abertas. Non estamos en condicións nin parece oportuno pronunciarnos sobre que tipo de listas ou que sistema debe haber aínda que cuestionémo-las actuais. Outra cousa sería a modificación da vixente Lei de eleccións ó Parlamento de Galicia. Nós temos unha iniciativa nese sentido, incluso xa está presentada no Rexistro do Parlamento, pero para a democratización efectiva dos procesos electorais. E a cuestión das listas abertas ou pechadas entraría como un elemento dentro dese marco.

Esta é a nosa posición respecto das propostas do Grupo Socialista.

Respecto das do Grupo Popular, teño que dicir, en primeiro lugar, que o BNG, en principio -e así llelo fixo saber ós portavoces do Grupo Popular-, ten unha postura de estar de acordo e, polo tanto, de votar afirmativamente unha serie de iniciativas que eleva o Grupo Popular, concretamente as seguintes: 3, 6, 9, 12 e 14. Só vai votar negativamente dúas, e abstérase no resto, con dúas posibilidades de transacción, que logo non foron posibles e pasarán a abstención.

Pero o que acontece é que, en contrapartida, o Grupo Popular unicamente está disposto a apoiarnos en dúas, que nin sequera forman parte das que eu mencionei aquí, porque son as máis relevantes -e mencionei moitísimas na miña intervención de antes-, a 2 e a 74, e que ademais se refiren a reclamarlle ó Goberno central cousas -porque nós tamén o facemos-. Logo, cunhas pequenas transaccións, había tres máis que tamén quedarían en moi pouca cousa -non vou entrar en detalles, non é cousa diso-. En definitiva, o que ocorre é que o Grupo Popular, así como nós estaríamos dispostos a apoialo en moitas -xa dixeran o número- das que aquí propón para lanzarlle a pelota ó Goberno central, porque nós consideramos que si, que está ben que se lle esixa, en troques el non asume apoiar ningunha das iniciativas que o Grupo do BNG propón aquí dirixidas á Xunta de Galicia, nin sequera en cuestións absolutamente claves e nas que, dentro do contexto do discurso do presidente da Xunta de onte mesmo e do debate no seu conxunto, se se di que se van facer, efectivamente, sería lóxico que se fixesen.

Polo tanto, ¿cal é a situación obxectiva que se nos pon? Que o Bloque faga de *tonto* útil do PP. Así, dito con tódalas palabras: ¡de *tonto* útil! E, ademais, tódalas súas iniciativas referidas ó Goberno central corroboran absolutamente as teses que eu defendín e que foron contraditas polo presidente da Xunta. É dicir, que aquí goberna *todo dios* menos a Xunta e que a Xunta non ten vocación de gobernar. A Xunta o que quere é pedirlle cousas a Madrid, e nas iniciativas que nós presentamos para que governe a Xunta di que non apoia ningunha. É máis, preguntado o portavoz do Grupo Popular se das que mencionaban -das 100 son todas menos 5- ían votar en contra dalgunhas e se absterían noutras, díxosenos que, en principio, votaría en contra de todas. Co cal, o PP incluso votaría en contra daquelas iniciativas nosas dirixidas ó Goberno

central coincidentes coas deles no contido, mentres nós votaríamos que si ás iniciativas do PP. Ou sexa, nós votámo-lo que pide o PP e o PP vota que non ás nosas cando nós pedímo-lo mesmo ca el.

Se vostedes consideran que isto é razoable, minimamente aceptable, é unha concepción deste Parlamento e, insisto unha vez máis, é unha concepción do exercicio dos poderes autonómicos no ámbito parlamentario e no ámbito do Goberno que corrobora rotunda e absolutamente as nosas teses de D'Hondt. O Grupo Popular asume as teses que o BNG defendeu aquí e expuxo respecto do comportamento do Goberno Popular presidido por don Manuel Fraga Iribarne na Xunta de Galicia. Esta é a pura realidade obxectiva. Ese comportamento converte isto nunha farsa.

Onte falei de esperpento e díxoseme qué quería dicir iso de esperpento máis ou menos. Pois aquí está o esperpento. Nós non podemos participar nun esperpento nin sequera co voto de abstención. Estaremos presentes, pero voten vostedes as súas iniciativas. Nós non imos votar nin si nin non nin abstención. Simplemente estaremos presentes, pulsando o botón de presentes, para que quede claro que, evidentemente, as cerimonias de confusión teñen un límite.

Señorías, láméntoo moito porque está ben claro que a postura do BNG na sesión de hoxe non é a de *tontos* útiles na fase do debate de política xeral -como se lle chama- en que entramos hoxe. Non se trata de debater co presidente da Xunta de Galicia nin de debater nas coordenadas ideolóxico-políticas de cada quén; senón que se trata de ver que propostas de resolución se poden adoptar no Parlamento para impulsar a Autonomía, tanto no que haxa que reclamarlle ó Goberno central como no que teña que impulsa-lo Parlamento á propia Xunta de Galicia.

Se a postura do PP é esa, nós non facemos de *tontos* útiles e, ademais, nin sequera podemos facer de comparsas votando cunha abstención. Porque, naturalmente, non van obter vostedes que nós votemos en contra explicitamente das súas iniciativas que, en principio, estaríamos dispostos a votar a favor, porque nós tamén queremos que se reclamen cousas do Estado -e xa expliquei por que non podemos entón actuar-, pero vostedes din que van votar en contra de-

las, incluso cando son coincidentes, só porque as presenta o Bloque, e iso é sectarismo. Evidentemente, teríamos que votar abstención, pero como iso sería participar na cerimonia da confusión, simplemente estaremos presentes e non votaremos nin a favor nin en contra nin nos absteremos nas súas iniciativas.

Fagan vostedes a política, interpreten a democracia, os parlamentos, a relación entre o Parlamento e a Xunta de Galicia, a relación entre as comunidades autónomas e o Goberno do Estado e, así, sucesivamente, como parece ser que as interpretan. Non fan -e rematou- máis que darlle a corroboración ás teses mantidas polo Bloque onte na súa análise. É, finalmente, polo tanto, un paso máis; están vostedes firmando o propio certificado de defunción por suicidio político da Xunta de Galicia como Goberno.

Máis nada.

(*Aplausos*).

(*Ocupa a Presidencia o seu titular*).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o señor Cortizo Nieto polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor CORTIZO NIETO: Señor presidente, señorías, cando nesta interrupción do Pleno nos reunímo-los portavoces para discutir ou falar das posibles transaccións e das intencións de cadaquén sobre as propostas de resolución dos demais, escoitei a opinión ou a intención do portavoz do Grupo Popular sobre a *desglosable* proposta de resolución que nós presentamos. E a verdade é que sentín un certo grao de confusión, ou para dicilo máis graficamente, un non saber qué facer, porque me atopei na situación de ver que neste debate do estado da Autonomía a única conclusión posible -segundo a súa intención- era que o Parlamento se incorporase *de facto* ó aparato de propaganda e santificase e bendicise a conclusión de que todo o que fai o Goberno é perfecto; é dicir, todo o afronta o Goberno e os demais, de acompañantes.

A miña automática reacción foi dicir: así non se pode xogar. E, en tal sentido, foi unha das primeiras cousas que lle comentei ó portavoz do Bloque. Eu

proponho que nós saíamos deste marco, porque un marco parlamentario no que, tras un debate do estado da Autonomía, tras un debate de política xeral sobre todo o que acontece ou deixa de acontecer neste país no ámbito da política ou no ámbito das consecuencias que a política ten dos cidadáns, o Goberno non asuma ningunha responsabilidade e as competencias que o Estatuto nos confire para autogobernarnos non poidan ser impulsadas, modificadas e alentadas a través de resolucións deste Parlamento, a min paréceme que xa non é só converte-lo Parlamento nun aparato máis de propaganda ou integralo nun aparato de propaganda do Goberno, senón que sería reducir á absoluta inutilidade o papel do Parlamento, a súa función.

Xa o dixen onte, hai que modifica-lo comportamento desta institución, hai que modifica-las regras de xogo para que este Parlamento teña o respecto e o aprecio dos cidadáns. Mal aprecio pode ter cando os cidadáns apliquen o sentido común e digan: “Iso non pode ser”. E os que están aí facendo este acompañamento, efectivamente, como dixo o portavoz do BNG, nos converteríamos automaticamente en *tontos* útiles, co único interese de ocupar un escano por razón de non sei que, pero non a de servi-lo mellor Goberno deste país.

A única saída posible é boicotear esa posición. E teño que dicir que a nosa posición era a de apoiar un gran número das propostas de resolución do Partido Popular, porque tamén nos parece que, efectivamente, hai cuestións que hai que pedirlle ó Goberno central. Parécenos que é razoable. Nós non imos actuar aquí de baluarte irracional ou falto de sentido común. O que non cabe en ningunha cabeza é que o único que se poida concluír neste Parlamento é que lle temos que dicir ó Goberno central que faga isto e que faga aquilo, pero que non se nos ocorra nin toca-las responsabilidades de Goberno da Xunta, ou que non se nos ocorra falar de cousas que temos que face-los galegos por nós mesmos en función do Estatuto de autonomía e das competencias que nos confire.

Incluso, nun arranque de xenerosidade, o portavoz do Grupo Popular estaba disposto a aceptar unha primeira das propostas a cambio de que quitasémo-la frase que di: “(...) que permitan achegarse á media estatal europea”. Porque non vaia quedar de manifesto que estamos lonxe da media estatal europea en cues-

tións de economía e de emprego! A min paréceme alcanzar un nivel do ridículo. Así non é posible, así non nos queda outra saída máis que ser coherentes co que dixemos onte. E vemos que non só non se quere corrixi-la situación de anemia política deste Parlamento da man da maioría, senón que, non querendo corrixila, quere irse máis alá, quere matarse este Parlamento, quere asinarse o certificado de defunción deste Parlamento.

Polo tanto, non podemos votar en contra das propostas de resolución do Partido Popular porque entendemos que moitas delas son tan razoables coma moitas das nosas e do BNG. Son tan razoables coma iso. Poderíamos votalas, pero si as votamos aceptando que pisen a racionalidade, xa que non aceptan nada que se refira á súa propia xestión, nada que se refira ós problemas de Galicia -que a súa resolución é única e exclusivamente competencia da Xunta-, pareceríanos que non estaríamos votando a favor das resolucións senón facendo o parvo.

Xa que logo, a nosa posición é a de estar presentes e participar nas votacións, pero só votando nas propostas de resolución presentadas por nós mesmos e nas presentadas polo Grupo do BNG, ó que lle agradecemos que, ó final, confluisemos na mesma posición.

Quero manifestar tamén, xa que isto das votacións é un pouco complicado, que nós imos estar presentes e que apertarémo-lo botón de presentes, pero a partir de aí, só respirar, porque iso, de momento, non nolo poden quitar. Se respiramos vivimos, se vivimos pensamos, se pensamos combatemos e se combatemos isto cambiarémolo.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o señor González Suárez polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: Señor presidente, señorías, a min dáme a sensación de que os señores portavoces dos grupos parlamentarios da oposición descoñecen os usos parlamentarios habituais en tódolos parlamentos do mundo. Que consiste, entre

outras cousas, en que están para apoia-lo Goberno; e, naturalmente, se se lle presenta calquera iniciativa, son criticados porque lle presentan iniciativas ó mesmo Goberno que apoian.

En segundo lugar, as nosas propostas de resolución... (*Murmurios*) -están moi nerviosos os señores...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: En calquera caso, as nosas propostas de resolución non son a favor do Grupo Parlamentario Popular, son a favor de Galicia, para a cal, en definitiva, son estas propostas. (*Murmurios*).

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: En terceiro lugar, señores deputados, vostedes veñen aquí, presentan unhas propostas de resolución, solicitan os votos de toda a Cámara e, democraticamente, cada quen vota o que lle peta, o que lle parece ou o que interpreta. Polo tanto, democraticamente os votos son así. E este é o xogo das maiorías e o xogo das minorías.

(*Murmurios*).

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: Parece que non lles gusta.

As propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas, que derivan dun documento confuso, dividido en varios apartados, presenta cuestións de diferentes características. Unhas refírense ó ámbito da política económica -tiven o gusto de lelo con moito interese e con moito coidado-. Ata 16 puntos inciden, naturalmente, en temas ou cuestións que dalgún xeito corresponden a accións que o propio Goberno xa ten en conta ou que está a realizar, naturalmente, con outra óptica diferente da que presentan as súas propostas. Así, por exemplo, falan de creación de emprego, falan de medidas de política industrial, falan da erradicación da pobreza, falan de reformas estruturais, etc.

En relación coas que atinxen a plans concretos, como, por exemplo, o Plan de financiamento das universidades, o señor conselleiro de Educación xa falou de-

se tema neste Parlamento. Está a remata-lo Plan de financiamento ata o ano 1996. (*Murmurios*).

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: Naturalmente, a partir do ano 1997 terá que existir outro Plan de financiamento que virá a este Parlamento. Será debatido e será votado, como se fixo co anterior. Polo tanto, pedir iso é pedir algo que, naturalmente, se vai realizar.

E non me digan vostedes que solicitar que pase o mapa de titulacións por este Parlamento non é descoñecer, evidentemente, en que consisten as titulacións, como se conseguen as titulacións e como se fan as titulacións desde os consellos sociais, desde a propia autonomía universitaria, desde o Consello Universitario de Galicia, etc. Polo tanto, solicitar algo que é tan inconcreto coma iso paréceme que é descoñecer perfectamente a cuestión.

No apartado referente ó impulso autonómico, as propostas non son máis ca un catálogo xenérico de peticións sobre impulsa-lo proceso autonómico, sobre a coordinación da Administración, quedando só en pura filosofía ou, cando menos, en relatorio de intencións que para nós non corresponden a auténticas propostas de resolución.

Respecto do que se refire ó impulso democrático, din que se modifique a Lei electoral. Teño que dicirlles simplemente que existe unha Lei orgánica de carácter horizontal que non nos permite modifica-la nosa -concretamente no tema que a vostedes tanto lles preocupa, que é o das listas abertas-, como xa lles dixon o señor presidente da Xunta.

Con respecto ó proxecto de lei que vostedes reclaman do Goberno para modifica-lo Consello da Radio Televisión Española, vostedes teñen poder suficiente para poder legislar. Presenten vostedes aquí unha proposición de lei que, naturalmente, debateremos en toda a Cámara.

En canto ó que se refire ó réxime local, que é unha das partes que ten o seu documento, simplemente hai que sinalar que está previsto, de acordo co noso programa electoral, presentar unha lei referente ós concellos. E, nese momento, todos debateremos esa cues-

tión. Porémossille as emendas correspondentes e o que saia deste Parlamento será o que lle corresponda.

Con relación ás propostas de resolución do BNG, entendemos que dentro da súa diversa incidencia sobre os distintos temas ou sectores, moitas delas corresponden a accións que o Executivo ten en marcha por corresponder a programas ben definidos polo Goberno, aínda que, como é natural -insisto-, enfocados de forma diferente.

Por outra parte, da lectura das nosas propias propostas é doado deducir que algunhas das do BNG son coincidentes coas presentadas polo Grupo Parlamentario Popular. E, finalmente, outras corresponden a iniciativas xa debatidas neste Parlamento, ben en Comisión ou ben en Pleno, pero que, en calquera caso, o noso grupo parlamentario xa se ten expresado sobre elas. Así, por exemplo, fan unha proposta de resolución sobre o Plan MEGA, que está contemplado por nós; outra sobre as autovías Ourense-Lugo e Ourense-Santiago, pero, naturalmente, cun enfoque diferente ás nosas. Outra trata sobre a presenza da Xunta nos consellos de administración de determinadas...

(Murmurios).

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: Parece ser que a señora deputada está moi alterada ou moi alporizada ...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Non establezan diálogo. Agradézolles ás súas señorías que lle teñan respecto á persoa que está na tribuna facendo uso lexítimo e democrático da palabra.

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: En relación con outras cuestións, como incendios, concentración parcelaria, criterios de confección de presupostos, uso do galego, deseños curriculares, rede de centros, transportes, comedores escolares, educación especial, promoción de emprego, transferencias de xustiza, temas de narcotráfico, deterioro ambiental, saneamento das rías, etc., ¿que máis queren que lles diga eu que non saiban que se está facendo ou que está programado para que o Goberno as aborde? *(Murmurios).*

En relación con outras propostas non coincidimos na súa formulación. Xa falei antes do Plan de financiamento das universidades, sobre o que haberá un próximo debate e votación no Parlamento; ou simplemente, por exemplo, as que se refiren á recentemente aprobada Lei do patrimonio cultural, como son o catálogo de bens de interese cultural, a creación do corpo de inspectores do patrimonio e unha serie de obrigas máis que, naturalmente, se porán en marcha no momento en que entre en vigor esta lei que aínda non está nin publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*.

Polo tanto, señores deputados, neste momento teño que anunciar que nós imos rexeita-las propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista. Hai cinco propostas de resolución sobre as que estivemos dialogando co señor portavoz do BNG, das que dúas delas, evidentemente, eran coincidentes con outras dúas nosas; polo tanto, non teñen cambio ningún respecto do seu texto. En canto ás outras tres, nós ofrecémossille un texto alternativo, que eu non escoitei se era aceptado ou non era aceptado; polo tanto, neste momento, mentres nós non saibámo-lo cambio non podemos, naturalmente, votar favorablemente ou desfavorablemente.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

(O señor Beiras Torrado pide a palabra).

O señor PRESIDENTE: ¿Para que pide a palabra, señor Beiras?

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, para darlle cumprida satisfacción ó señor González Suárez, porque posiblemente non quedou claro.

Na proposta de resolución número 23 nosa, a transacción que propuñan era que nós engadísemos "...transferencia do Hospital Militar da Coruña" nos termos que a propia Xunta de Galicia ten ofertados. O problema noso é que non sabemos cales son os termos. Estamos de acordo con iso pero non podemos dar un cheque en branco.

Na proposta de resolución número 48, que se refire ó problema da SIDA, propuñan engadir ou interca-

lar -en vez de que o faga a Xunta-: “Solicitar da Administración central a posta en marcha de...”. E logo dicía: “...tal como se ten acordado no Consello Interterritorial do sistema...”. Tacitamente podería darse por suposto que iso xa era así, se a Xunta sabe que ten que ser así. Nós non coñecemos eses termos que acordou o Consello Interterritorial porque non estamos no Goberno de Galicia e, polo tanto, tampouco estamos niso.

Finalmente, na proposta de resolución das listas de espera, onde nós falabamos de “aborda-lo problema”, a reforma transaccional era “continuar”. Ben, se é continuar sen ningún cambio cualitativo, pois entón para iso si que, efectivamente, non se trata de que a apoiemos conxuntamente, senón que non ten ningunha virtualidade a nosa iniciativa.

Simplemente quero puntualizar, para remata-las miñas propias palabras, no sentido de que, por suposto, as iniciativas do BNG non son para defender intereses do BNG, senón para defende-los intereses de Galicia tamén ante o Goberno central. Nós non pretendemos monopolizar esa defensa. E non cremos que ninguén queira monopolizala. Pero houbo palabras vertidas aquí que poderían dar lugar ese equívoco. Por iso quero aclarar que as nosas propostas de resolución eran tamén para defende-los intereses de Galicia ante o Goberno central pero tamén ante a Xunta de Galicia, que ten a responsabilidade de gobernar ante o Parlamento.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Ventoso Mariño pide a palabra).

O señor PRESIDENTE: ¿Para que pide a palabra señor Ventoso?

O señor VENTOSO MARIÑO: Señor presidente, nós pediríamolls que as emendas do Bloque fosen agrupadas en tres bloques.

O señor PRESIDENTE: Era o que ía preguntar agora. Agradézolle a súa achega.

O señor VENTOSO MARIÑO: O primeiro bloque serían os números 50, 52, 69.1 e 82.

No segundo bloque as propostas números 19, 20, 38, 60, 70, 98 e 100. E no terceiro bloque, as restantes.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ventoso.

¿Non hai inconveniente por parte do Bloque en segregala 69 por apartados? *(Asentimento).*

¿Hai algunha segregación por parte do Grupo Popular?

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: Simplemente as propostas números 2 e 74 á parte.

O señor PRESIDENTE: En primeiro lugar, pónense a votación as propostas de resolución do Bloque Nacionalista Galego números 50, 52, 69.1 e 82.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolución.

Póñense a votación as propostas de resolución números 19, 20, 38, 60, 70, 98 e 100.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 42; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolución.

Póñense a votación as propostas de resolución números 2 e 74.

(Votación). (Pausa).

As propostas de resolución 2 e 74 resultan aprobadas por unanimidade.

Votamos agora o resto das propostas de resolución

presentadas polo BNG, que son, agás as xa votadas, as números 1 á 100, agás tamén a 56 que foi retirada e a 71 que estaba duplicada.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolución.

Das intervencións habidas respecto das propostas do Grupo Socialista dedúcese que hai que votar separadamente a 2.3, a 3.1 e a 4.1, e pedir opinión ó señor voceiro do Grupo do Socialista sobre a aceptación da supresión dos parágrafos finais das propostas 2.1 e 2.2. ¿É así, señor Cortizo? *(Asentimento).*

Considéranse suprimidas nas propostas de resolución 2.1 e 2.2 as frases finais. Na 2.1 a partir desde onde di “(...) entre as comunidades históricas” ata o final; e na 2.2, desde onde di “(...) as distintas comunidades autónomas” ata o final.

Póñense a votación as propostas de resolución 2.1, 2.2 -coas modificacións feitas por vía de supresión-, 2.3, a 3.1 e 4.1.

(O señor Beiras Torrado pide a palabra).

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor Beiras?

O señor BEIRAS TORRADO: Vostede dixo moi ben cales había que votar por separado, que eran a 2.3, 3.1 e a 4.1.

O señor PRESIDENTE: ¿Separadas entre si?

O señor BEIRAS TORRADO: Non, esas nun bloque. Non o BNG, pero nun bloque.

E logo había a 2.1 e a 2.2. Esas con modificacións, pero unha vez aceptadas as modificacións xa entran co resto. E esquecín que na última páxina, no parágrafo 3, sobre o ámbito da política municipal, a número 3 di: “A elaboración dun marco normativo que contemple as especificidades das grandes áreas urbanas”. Aquí foi acordado -e creo que pode corrobóralo

o Partido Socialista- que se intercalaría, despois de “(...) elaboración dun marco normativo”: “(...) de ordenación territorial e comarcalización”; e logo continuaba igual. Esta era a modificación.

Unha vez aceptada esa modificación, tamén entra no conxunto do resto.

O señor PRESIDENTE: Se os grupos están de acordo, facemos un só bloque segregado.

Ponse a votación o primeiro bloque, que son as propostas 2.3, 3.1 e 4.1.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Póñense a votación o resto das propostas de resolución do Grupo Parlamentario Socialista coas modificacións á que se fixo referencia. Son as números 2.1, 2.2 e 3.3.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolución.

Póñense a votación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular números 1 á 24.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 1.

(Murmurios).

Póñense de novo a votación polo sistema de man alzada as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; non hai votos en contra. *(Murmurios).*

O señor PRESIDENTE: ¿Algunha obxección, señora deputada?

A señora ÁLVAREZ YÁÑEZ: ¿Por que se cambiou a forma de votación nesta última ocasión?

O señor PRESIDENTE: Porque é unha facultade desta Presidencia que non está suxeita a ningún control. Moitas gracias, señora deputada.

(A señora Álvarez Yañez pronuncia palabras que non se perciben).

Señores deputados, se a decisión desta Presidencia, dalgún xeito, desfigura a postura dos grupos, repetiríase a votación. É norma desta Presidencia repeti-la votación manualmente cando ocorre algo raro nas votacións. Polo tanto, é unha facultade desta Presidencia.

Esgotada a orde do día, levántase a sesión.

Moitas gracias.

Levántase a sesión ás oito e vinte minutos da tarde.